

**RESOLUCIÓN ADMINISTRATIVA DA SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA,
DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E
UNIVERSIDADES, POLA QUE SE APROBA A LISTA DE RESERVA DOS PROXECTOS
PRESENCIAIS DA PRIMEIRA CONVOCATORIA DO REPOSITORIO DE PROXECTOS
TECE REDES EN GALEGO, AO ABEIRO DO FONDO DE PROXECTOS CULTURAI
XACOBEO 2021-2022 (Fondo Xacobeo 2021-2022)**

Lista de reserva da modalidade de proxectos presenciais:

a) Proxectos presenciais puros

b) Proxectos mixtos (combinación presencial-dixital)

I. FEITOS

1. Mediante a Resolución do 4 de abril de 2022 da Secretaría Xeral de Política Lingüística, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (na actualidade, Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades), aprobáronse as bases da primeira convocatoria do repositorio de proxectos TeCe Redes en galego, ao abeiro do Fondo Xacobeo 2021-2022 (en diante, repositorio TeCe Redes en galego), que foron publicadas o 8 de abril de 2022 na páxina web: https://www.lingua.gal/a-secretaria-xeral/convocatorias/_/Outras/convocatoria_0001/

Segundo o previsto na base décimo sétima, 2 da convocatoria, o órgano competente para a resolución do procedemento tamén publicará, ademais da resolución de selección de proxectos, unha **lista de reserva**, se é o caso, para cada modalidade que conterá a relación de todos os proxectos da modalidade **presencial** (puros e mixtos) que cumpran os requisitos e as condicións das bases da primeira convocatoria do repositorio TeCe Redes en galego e que non fosen seleccionados por esgotamento do crédito asignado para a tramitación do procedemento.

2. A permanencia na **lista de reserva** só xerará, en favor das persoas titulares dos proxectos desa lista, o dereito á posibilidade de continuar o procedemento para a adjudicación dun contrato menor para o repositorio TeCe Redes en galego durante o exercicio orzamentario 2022 naqueles casos en que as persoas titulares doutros



proxectos presenciais seleccionados con maior puntuación ata o límite da asignación orzamentaria renunciando á adxudicación ou ben se se amplía o orzamento da convocatoria inicial na forma prevista na base décimo terceira, 2.

II. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

1. No que se refire á publicación da **lista de reserva**, será de aplicación a base décimo sétima da primeira convocatoria do repositorio TeCe Redes en galego.
2. Aplicaranse os principios de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia, non discriminación e igualdade de trato entre participantes, segundo o previsto no artigo 1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e nas previsións normativas que resulten de aplicación da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e doutras normas complementarias.

Polo exposto, a proposta da Comisión Técnica de Valoración de proxectos da primeira convocatoria do repositorio TeCe Redes en galego,

RESOLVO:

Aprobar con carácter definitivo a **lista de reserva** da modalidade de **proxectos presenciais**, que conterá a relación dos proxectos presenciais puros e dos proxectos mixtos (que combinan o formato presencial e dixital) que cumpran os requisitos e as condicións da primeira convocatoria do repositorio TeCe Redes en galego e que non fosen seleccionados por esgotamento do crédito asignado para a tramitación do procedemento.

Os proxectos seleccionados poderanse consultar no anexo desta resolución.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

O secretario xeral de Política Lingüística
Valentín García Gómez

